



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro **45578 (12/PNC-003651)**, sobre as características do financiamento que debe pór en marcha a Xunta de Galiza para os traballos de prevención de incendios forestais en montes veciñais en man común, que figura na orde do día da Comisión 7ª prevista para o 27 de febreiro de 2026.

Emenda de modificación

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar as seguintes actuacións:

1. Liña de financiamento estable para prevención en montes comunais:

a) Creación dunha liña presupostaria permanente e multianual (mínimo 5 anos) dedicada exclusivamente a financiar traballos de prevención de incendios forestais en montes veciñais en man común.

b) Dotación inicial de 2 millóns de euros anuais, con incremento anual dun 10% durante os primeiros catro anos, axustada ao custo real dos traballos de prevención de lumes en montes veciñais en man común, garantindo a suficiencia financeira para acadar os obxectivos previstos.

c) Garantía de estabilidade: compromiso parlamentario de que esta liña non será sometida a axustes orzamentarios en contexto de crise.

2. Tipos de traballos financiáveis:

Asinado o día 26/02/2026 ás
13:12
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 26/02/2026 ás
13:11
Por Montserrat Valcárcel Armesto





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

a) Desbroce preventivo: eliminación de maleza e arbustos baixos que facilitan propagación de lumes.

b) Limpeza de marxes de pistas e camiños forestais.

c) Creación e mantemento de cortafogos naturais e infraestruturas defensivas.

d) Poda de ramas baixas en árbores para reducir carga de combustible.

e) Saca selectiva de árbores mortas ou afectadas por pragas.

f) Sinalización de pistas e infraestruturas de xestión.

g) Mantemento de sistemas de auga para loita contra lumes.

3. Prioridade en contratación local:

a) Recoméndase que un mínimo do 70% dos traballos de prevención sexan executados por empresas ou cooperativas locais, preferentemente con sede no concello ou, na súa falta, na comarca.

b) Flexibilización de requisitos para pequenas empresas locais: simplificación de tramitación administrativa, redución de requisitos de seguros ou garantías, e apoio técnico para a presentación de ofertas.

c) Creación de emprego rural fixo: prioridade a contratos indefinidos ou de longa duración, non a traballos esporádicos.

d) Conexión con programas de emprego rural: coordinación entre Consellería do Medio Rural e Consellería de Emprego para que os traballos en montes comunais poidan ser cofinanciados con fondos de emprego.

4. Recuperación da liña de axudas:

Recuperar e poñer en vigor, con carácter estable e dotación orzamentaria suficiente, unha liña específica baixo a denominación “Valoración integral do monte e aposta pola súa multifuncionalidade”, orientada a:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- apoiar a xestión activa e sustentábel dos montes veciñais en man común,
- fomentar o aproveitamento multifuncional (madeira, biomasa, pastos, usos sociais, ambientais e culturais),
- e integrar as actuacións de prevención de incendios nun marco de valorización integral do monte.

5. Simplificación administrativa:

- a) Creación dun procedemento simplificado para que comunidades de montes poidan solicitar financiamento: solicitude única, prazo de resposta máximo 30 días, e desembolso rápido.
- b) Redución de carga burocrática en xustificación de gastos: aceptación de albaráns e facturas simples para traballos de prevención.
- c) Asesoría técnica gratuíta a comunidades para deseño de traballos, estimación de custos, e presentación de solicitudes.

6. Integración con xestión ordenada:

- a) Os traballos de prevención non serán illados, senón integrados nunha estratexia de ordenación forestal da comunidade.
- b) Apoio técnico para que cada comunidade deseñe un "Plan de Prevención de Incendios" integrado no seu "Plan de Xestión Forestal".
- c) Valorización económica dos traballos: madeira, biomasa, ou produtos forestais non madereiros xerados nos traballos de prevención poderán ser comercializados pola comunidade, incrementando a súa renda.

7. Gobernanza territorial:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Integración de comunidades de montes en plans comarcais de prevención: as comunidades non serán "actrices" pasivas, senón serán consultadas e participarán na deseño dos plans.

b) Creación de "grupos de prevención comarcais" integrados por: técnicos forestais, representantes de comunidades, concellos, e protección civil.

c) Coordinación entre concellos e comunidades: facilitando os traballos que benefician tanto a montes privados como comunais en contexto de prevención comarcal.

8. Avaliación e seguimento:

a) Informe anual ao Parlamento sobre: hectáreas tratadas, emprego creado, investimento realizado, e resultados en termos de redución de risco de incendios.

b) Avaliacións de impacto: seguimento da efectividade dos traballos preventivos en redución de taxa de incendios.

c) Auditoría social: seguimento de que os traballos xeran emprego local estable e que as comunidades teñen capacidade real de decidir sobre as intervencións.”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/02/2026 13:11:38

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2026 13:12:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:13:56
Nº Rexistro: 51952
Data envío: 26/02/2026 13:13:56.681

CSV: REXPG-xZWyyFYk1-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 13:13:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:13:56
Nº Rexistro: 51952
Data envío: 26/02/2026 13:13:56.681

CSV: REXPG-xZWyyFYk1-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia con número de rexistro **38521 (12/PNC-003358)**, sobre as demandas que a Xunta de Galiza debe trasladar ao Goberno central respecto da xestión da crise sanitaria provocada pola dermatose nodular contaxiosa no sector do gando vacún, que figura na orde do día da Comisión 7ª prevista para o 27 de febreiro de 2026.

Emenda de adición

Engadir na parte resolutiva un novo punto co seguinte texto:

“5.- Solicitar a modificación de criterios ao respecto da vacinación da DCN, garantindo que podemos inmunizar a cabana gandeira galega susceptible de ser contaxiada para levar a cabo de xeito inminente a vacinación fronte á enfermidade, asegurando a súa gratuidade e que esta sexa levada a cabo por parte de persoal propio da Consellería en todo o país antes da chegada da enfermidade a Galiza, de xeito que a aplicación do fármaco sexa de utilidade en canto a inmunización antes da chegada da DNC a Galiza.”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:23
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:23
Por Ariadna Fernández González



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 26/02/2026 17:23:49

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2026 17:23:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:35:41
Nº Rexistro: 51990
Data envío: 26/02/2026 17:35:41.113

CSV: REXPG-MSWdWJyC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:35:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:35:41
Nº Rexistro: 51990
Data envío: 26/02/2026 17:35:41.113

CSV: REXPG-MSWdWJyC-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia con número de rexistro **39222 (12/PNC-003445)**, sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para fortalecer e impulsar o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, que figura na orde do día da Comisión 7ª prevista para o 27 de febreiro de 2026.

Emenda de adición

Engadir no primeiro parágrafo do punto 1 da parte resolutiva despois de “do CIAM”, e antes de: “, que inclúa”, o seguinte texto:

“e os centros asociados de Marco da Curra, A Pobra de Brollón e Salceda de Caselas”

Con esta engádegas a redacción do primeiro parágrafo do punto 1 quedaría así:

“1. Elaborar e aprobar con carácter urxente un plan de recuperación e fortalecemento do CIAM e os centros asociados de Marco da Curra, A Pobra de Brollón e Salceda de Caselas, que inclúa:”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:24
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 26/02/2026 ás 17:24
Por Secundino Fernández
Fernández



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 26/02/2026 17:24:32

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2026 17:24:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:36:13
Nº Rexistro: 51992
Data envío: 26/02/2026 17:36:13.773

CSV: REXPG-cE2i5ySpo-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:36:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:36:13
Nº Rexistro: 51992
Data envío: 26/02/2026 17:36:13.773

CSV: REXPG-cE2i5ySpo-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia con número de rexistro **50180 (12/PNC-003896)**, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central ante as perdas provocadas no sector agrogandeiro galego pola recente sucesión de borrascas e chuvias persistentes, que figura na orde do día da Comisión 7ª prevista para o 27 de febreiro de 2026.

Emenda de adición

Engadir na parte resolutiva un novo apartado co seguinte texto:

“Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Activar mesas sectoriais con calendario continuo de reunións durante toda a campaña.
- Establecer grupos operativos por cultivo que compartan información en tempo real e coordinen actuacións preventivas.
- Implantar un sistema de alertas e comunicación inmediata con produtores, cooperativas e industrias de procesado.
- Definir e difundir protocolos de resposta rápida ante condicións críticas de humidade e risco sanitario.
- Garantir o seguimento continuo en campo, con participación activa de cooperativas e das mesas sectoriais, para prever epidemias e problemas antes de que se materialicen.”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:24
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:24
Por Sonia Vidal Lamas





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:36:42
Nº Rexistro: 51993
Data envío: 26/02/2026 17:36:42.197



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CSV: REXPG-eNB3j6dNA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 26/02/2026 17:24:10

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2026 17:24:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:36:42
Nº Rexistro: 51993
Data envío: 26/02/2026 17:36:42.197

CSV: REXPG-eNB3j6dNA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:36:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:36:42
Nº Rexistro: 51993
Data envío: 26/02/2026 17:36:42.197

CSV: REXPG-eNB3j6dNA-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada **Lara Méndez López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Comisión** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da xestión da crise sanitaria provocada pola dermatose nodular contaxiosa no sector do gando vacún (12/PNC-003358, doc. núm. 38521)

Emenda de adición

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“5. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Reforzar de maneira inmediata a comunicación e información pública dirixida ás explotacións gandeiras, cooperativas, asociacións profesionais e servizos veterinarios, establecendo canles directas e transparentes de difusión de datos e medidas preventivas.
- Incrementar os controis sanitarios e as medidas de bioseguridade nas fronteiras interiores e exteriores da comunidade, incluíndo a restrición temporal de entrada de animais procedentes doutras comunidades autónomas afectadas ou en risco, así como o reforzo da vixilancia veterinaria nos movementos internos.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:32
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:32
Por Lara Méndez López



- Incrementar os controis sanitarios e as medidas de bioseguridade nas fronteiras interiores e exteriores da comunidade, incluíndo a restrición temporal de entrada de animais procedentes doutras comunidades autónomas afectadas ou en risco, así como o reforzo da vixilancia veterinaria nos movementos internos.
- Poñer en marcha un fondo extraordinario de compensación para indemnizar as perdas derivadas da suspensión de feiras e mercados gandeiros, para apoiar os custes adicionais de alimentación e mantemento do gando retido nas explotacións así como as perdas por sacrificio ou morte de animais afectados.”

Santiago de Compostela, a 26 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 26/02/2026 17:32:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/02/2026 17:32:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:38:39
Nº Rexistro: 51994
Data envío: 26/02/2026 17:38:39.371



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:38:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:38:39
Nº Rexistro: 51994
Data envío: 26/02/2026 17:38:39.371

CSV: REXPG-etOHcaZgn-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da deputada **Lara Méndez López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Comisión** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central ante as perdas provocadas no sector agrogandeiro galego pola recente sucesión de borrascas e chuvias persistentes (12/PNC-003896, doc. núm. 50180)

Emenda de adición

Débese engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“3. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Recoñecer a situación excepcional provocada polas choivas persistentes e avaliar con urxencia os danos económicos, produtivos e estruturais nas explotacións agrícolas e gandeiras.
- Habilitar liñas extraordinarias de axuda directa para compensar, as perdas de produción, o incremento dos custos de alimentación animal, os danos en infraestruturas agrarias (invernadoiros, accesos, drenaxes, balsas, etc.).
- Estudar activar medidas fiscais e administrativas excepcionais, incluíndo a moratoria no pagamento de impostos e taxas autonómicas vinculadas á actividade agraria. Ou a flexibilización dos requisitos da PAC en relación cos prazos de sementeira, plantación, rotacións e cumprimento de

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:32
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:32
Por Lara Méndez López



ecorrexímenes, solicitando as correspondentes adaptacións ante a Comisión Europea.

- Executar con carácter urxente actuacións de limpeza, mantemento e mellora de canles, drenaxes, regatos ..., especialmente en zonas mais vulnerables ás inundacións.
- Reforzar os servizos técnicos e de asesoramento ao sector, proporcionando información actualizada, apoio sanitario-vexetal e acompañamento técnico para minimizar riscos de enfermidades, perdas de colleita e impactos a medio prazo."

Santiago de Compostela, a 26 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 26/02/2026 17:32:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/02/2026 17:32:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:39:02
Nº Rexistro: 51995
Data envío: 26/02/2026 17:39:02.256



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:39:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:39:02
Nº Rexistro: 51995
Data envío: 26/02/2026 17:39:02.256

CSV: REXPG-9lCWyFgsW-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Enrique Barreiro Sánchez** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia **38521 (12/PNC-003358)** sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da xestión da crise sanitaria provocada pola Dermatose Nodular Contaxiosa no sector do gando vacún

Emenda de Substitución

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1.- Reclamar unha maior implicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na coordinación e liderado da xestión desta crise sanitaria, co fin de que todas as Comunidades Autónomas contén coa máxima información actualizada posible, á hora de sopesar as actuacións de prevención e vixilancia que fosen precisas en cada territorio, que por unha lóxica sanitaria e de non distorsión da normal actividade do sector, deberían ser actuacións consensuadas e homoxéneas.

2.- Tendo en conta que non se trata dunha zoonosis, e considerando que poderían tomarse medidas menos drásticas que as actualmente en vigor para controlar a enfermidade, instase a ese ministerio para expor ante a Unión Europea a posibilidade de modificar a categorización da Dermatosis Nodular Contaxiosa como categoría “A” na lista de enfermidades da Unión, evitándose os sacrificios masivos “in situ” dos animais das explotacións afectadas, e actuando na erradicación e control da enfermidade mediante o sacrificio dos animais afectados.

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:47
Por Alberto Pazos Couñago





3.- Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que propoña e articule xurídica e economicamente coa participación da Comisión Europea, as actuacións de investigación científica e técnica necesarias co fin de desenvolver unha vacina marcada para esta enfermidade, que permita a protección do gando bovino, evite a necesidade de sacrificios masivos nas explotacións que puidesen estar afectadas, así como posibilite o movemento habitual dos animais sen trabas comerciais para os animais vacinados, que se poderían diferenciar dunha maneira sinxela dos animais infectados naturalmente.

4.- Instar á Empresa Nacional de Seguros Agrarios (ENESA) a que inclúa no seu catálogo de cobertura de sinistros a Dermatitis Nodular Contaxiosa, establecendo uns valores de pago adecuados aos valores de mercado para os casos de bovinos mortos ou para os que se resolva o seu sacrificio obrigatorio pola autoridade competente.

5. Establecer un baremo de indemnización adecuado e actualizado de aplicación para os casos de sacrificio obrigatorio de animais ordenado polas autoridades sanitarias competentes en sanidade animal. Este baremo deberá corresponderse cos valores reais de mercado do gando bovino e ser de homoxénea aplicación en todas as Comunidades Autónomas, co fin de evitar distorsións rexionais nesta materia.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 26/02/2026 17:47:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:47:30
Nº Rexistro: 52000
Data envío: 26/02/2026 17:47:30,345

CSV: REXPG-80zQLKVf-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:47:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:47:30
Nº Rexistro: 52000
Data envío: 26/02/2026 17:47:30,345

CSV: REXPG-f8OzQLKVf-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa da deputada **Encarna Amigo Díaz** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **39859(12/PNC-003487)** sobre as accións que pór en marcha o Goberno galego no que atinxe á prevención e ao control da peste porcina africana

Emenda de Substitución

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar desenvolvendo e reforzando as medidas xa activadas en materia de control da poboación de xabarín, vixilancia sanitaria das especies silvestres susceptibles de transmisión de enfermidades e prevención fronte á peste porcina africana, reforzando a mostraxe sistemática, a análise de laboratorio e os sistemas de detección temperá, en coordinación cos servizos veterinarios oficiais e o sector produtor.

Así mesmo, solicita que se sigan mantendo actualizados os plans de continxencia fronte á peste porcina africana conforme á normativa europea, garantindo unha resposta inmediata baseada en criterios científicos, bioseguridade reforzada e avaliación continua do risco sanitario e económico.”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026

Asinado o día 26/02/2026 ás
17:51
Por Alberto Pazos Couñago



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 26/02/2026 17:51:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:51:46
Nº Rexistro: 52001
Data envío: 26/02/2026 17:51:46.727

CSV: REXPG-YMWaQOk4k-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:51:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:51:46
Nº Rexistro: 52001
Data envío: 26/02/2026 17:51:46.727

CSV: REXPG-YMWAQk4k-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

